



CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao N° 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada.de Avia.com E-mail: info@carballadadeavia.com

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS AO ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2024/2025

1.- Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas á financiación dos gastos de libros de texto e material escolar para o alumnado que estea matriculado durante o curso 2024/2025 nalgún curso de educación infantil (2º ciclo), no C.E.I.P Pena Corneira de Carballada de Avia, de acordo todo elo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

A lexislación aplicable ás subvencións do Concello de Carballada de Avia é a seguinte:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
2. Lei 38/2003, de 28 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
3. Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
4. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSGA).
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
6. Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos Nacional de Subvencións e a publicidade de subvencións e demais axudas públicas.
7. Ademais, o artigo 17.2 da LXS establece que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao Nº 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada de Avia.com E-mail: info@carballadadeavia.com

O Concello de Carballada de Avia non dispón de ordenanza xeral nin específica de subvencións, polo que as bases reguladoras deben ser aprobadas no marco das bases de execución do orzamento do exercicio 2024 do Concello de Carballada de Avia, consignando a contía de 1.000 € para tales efectos.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrencia non competitiva e será compatible con outras axudas ou subvencións similares.

A través da presente convocatoria preténdese propiciar que, perante a colaboración financeira do Concello de Carballada de Avia, as familias con nenas/os matriculados/as no 2º Ciclo de educación infantil poidan facer fronte ao gasto que supón mercar os libros de texto e demais material didáctico precisos para o normal desenvolvemento da actividade académica, **por ser esta a franxa de idade non cuberta pola Xunta de Galicia.**

2.- Gastos subvencionables

2.1.- Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables os derivados da adquisición de libros de texto, materiais curriculares e demais material didáctico, (incluíndo mandilón, mochila e todo o material que solicite a docente de educación infantil)

2.2.- Cantidade máxima das aportacións

A cantidade a conceder ao amparo de esta convocatoria será de 100€ por nena/o.

3.- Destinatarios/as.

Poderán optar a estas subvencións as nais, pais ou titores legais das nenas e nenos matriculados no curso escolar 2024/2025 no C.E.I.P Pena Corneira de Carballada de Avia, no nivel de Educación Infantil (2º Ciclo, de 3 a 5 anos), de forma que soamente se vai conceder unha axuda por nena/o, admitindo unha solicitude para tales efectos.

4.- Procedemento, lugar e prazo de presentación de solicitudes

4.1.- Procedemento:





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao N° 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballeda.deAvia.com E-mail: info@carballedadeavia.com

O procedemento será mediante concorrencia non competitiva.

4.2.- Lugar de presentación:

Na 1ª planta da Casa do Concello, sita en Rúa Castelao núm. 4 ou na sede electrónica do Concello [https://carballedadeavia.sedelectronica.es/info.0](https://carballedadeavia.sedeelectronica.es/info.0) perante unha instancia xeral, ou a través de calquera dos medios habilitados no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.3.- Prazo de presentación:

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 02 ata o 30 de setembro de 2024.

4.4.- Documentación integrante das solicitudes:

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos nas presentes bases.

Xunto con estes anexos, os solicitantes deberán achegar copias da seguinte documentación:

- 1) Documento de identidade da persoa solicitante.
- 2) Libro de familia.
- 3) Documento bancario onde indique o IBAN da conta onde se efectuará o ingreso da subvención e titular da mesma. A persoa titular da conta deberá coincidir coa titular da solicitude da axuda.
- 4) Xustificantes de ter realizado o gasto contemplado para a presente axuda.

4.5.- Tramitación e resolución de concesión das axudas:

A presente convocatoria será tramitada pola Concellería Delegada en materia de Educación, que terá o carácter de órgano xestor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

A resolución das solicitudes irase facendo por orde de entrada no rexistro do concello.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, previo informe do Departamento de





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao Nº 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada.de Avia.com E-mail: info@carballadadeavia.com

Educación acreditativo de que a información que consta no seu poder, xustifique que os solicitantes reúnen todos os requisitos para acceder á condición de beneficiarios.

No caso de duplicidade de concesión, o Concello revogará a súa axuda, con obriga por parte do beneficiario de reembolsar a cantidade recibida no prazo de 15 días a contar dende a comunicación. Igualmente procederá a revogación si se descubriese ocultación ou falsidade dos datos.

Esta comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros: Presidente: O Alcalde-Presidente.

Vocais: Concelleiro Delegado de Educación e persoal administrativo do concello.

4.6.- Xustificación e pagamento das axudas

O gasto poderá realizarse, e xustificarse o mesmo, como data límite até o 31 de outubro de 2024, este prazo non será prorrogable.

Para o pago da subvención, haberá que presentar xustificantes de ter realizado o gasto presentando cuberta a MEMORIA XUSTIFICATIVA, segundo o modelo do ANEXO III.

Terase en conta que, no caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% da aportación concedida, aboarase o importe efectivamente acreditado na xustificación.

A efectos de xustificación documental, deberanse presentar copias auténticas de toda a documentación requirida.

5.- Tratamento de datos persoais

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Carballada de Avia. Os datos serán tratados coa finalidade específica das axudas de libros de texto e material escolar destinados ao alumnado de 2º ciclo de educación infantil. curso 2023/2024, de conformidade coa regulación establecida polo regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais é a libre circulación destes datos, así como a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao N° 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada.de Avia.com E-mail: info@carballadadeavia.com

e demais disposicións de aplicación.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das persoas interesadas nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerán do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Carballada de Avia poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como oporse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Carballada de Avia).

6.- Publicidade.

As presentes bases reguladoras publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Carballada de Avia e máis na súa sede electrónica.

Do mesmo xeito, a resolución de concesión das presentes axudas será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Carballada de Avia e máis na súa sede electrónica. Esta publicación substituíra á notificación nos termos que se establecen nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A devandita resolución pon fin á vía administrativa, podendo interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que a ditou, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte á publicación da resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de 2 meses, a contar dende o día seguinte á publicación da resolución, de conformidade co





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao Nº 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballeda de Avia.com E-mail: info@carballedadeavia.com

artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao Nº 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada.de Avia.com E-mail: info@carballadadeavia.com

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS AO ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2024/2025

ANEXO I

SOLICITUDE

Nome e apelidos			
DNI			
Enderezo			
Localidade			
Teléfono		Correo electrónico	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Carballada de Avia para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados ao alumnado de 2ºciclo de educación infantil. Curso 2024/2025,

SOLICITO, ao amparo da mesma, a concesión dunha aportación para os gastos que se indican a continuación destinada aos/ás seguintes estudantes:

Nome do alumno/a	Curso





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao Nº 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballeda de Avia.com E-mail: info@carballedadeavia.com

Documentación complementaria que se achega co modelo de solicitude:

- Documento de identidade da persoa solicitante.
- Libro de familia.
- Documento bancario onde indique o IBAN da conta onde se efectuará o ingreso da subvención e titular da mesma. A persoa titular da conta deberá coincidir coa titular da solicitude da axuda.

Carballeda de Avia, a _____ de _____ de 2024

Asinado:





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao N° 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada.de Avia.com E-mail: info@carballadadeavia.com

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS AO ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2024/2025

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE

D./D^a.

con DNI, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar para o curso 2024/2025.

DECLARO:

- ✓ Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou afectado/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.
- ✓ Que me someto ás actuacións de comprobación e á aportación da documentación que o Concello de Carballada de Avia poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, en caso de que se me concedera, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- ✓ Que a/o alumna/o para a que se solicita a axuda está matriculado no C.E.I.P. Pena Corneira de Carballada de Avia.

Carballada de Avia, a de de 2024

Asinado:

**CONCELLO DE CARBALLADA DE AVIA**

Rúa Castelao Nº 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada de Avia.com E-mail: info@carballadadeavia.com

Concello de Carballada de Avia

Rúa Castelao, nº 4, Carballada de Avia. 32412 (Ourense). Tfno. 988487000. Fax: 988487176

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS AO**ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2024/2025****ANEXO III****CONTA XUSTIFICATIVA**

D./D^a. _____ con DNI _____ de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar para o curso 2024/2025,

DECLARO

Que os gastos financiados con esta aportación son os seguintes:

CIF Expedidor da factura	Razón Social Expedidor da factura	Nº de factura	Data da factura	Importe
Total gastos				

Carballada de Avia, a _____ de _____ de 2024

Asinado





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao N° 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada.de.Avia.com E-mail: info@carballadadeavia.com

Concello de Carballada de Avia

Rúa Castelao, nº 4, Carballada de Avia. 32412 (Ourense). Tfno. 988487000. Fax: 988487176

